

Dieta dos lobos dunha parte de Pontevedra: selección de presas e conservación

Diet, preservation and prey selection of the wolf in a a part of Pontevedra

BAS-LÓPEZ, SANTIAGO¹

¹sbas@edu.xunta.es

Recibido 26-X-15, aceptado 5-VI-16 e publicado electronicamente 9-IX-16.

This paper was submitted 26-X-15, accepted 5-VI-16, and electronically published 9-IX-16

RESUMO / ABSTRACT

O presente traballo recompila datos sobre a acción depredadora dos lobos en catro zonas de Pontevedra (N.OE. España). Realizouse control sobre animais que aparecían no monte matados ou mordidos polos lobos. Tamén se analizaron 817 excrementos de lobos.

Os grupos de lobos estables, en tres zonas, estaban moi especializados na captura de poldros garranos salvaxes (*Equus ferus atlanticus*) de menos de nove meses. Inda que no monte observouse unha tentativa de caza sobre un poldro quinceno (12 – 13 meses). Tamén outra tentativa sobre un becerro de 2 – 3 meses, que evidenciou o éxito do sistema defensivo das vacas en extensivo.

Na zona máis humanizada, con 261 habitantes/km² os lobos se presentan solo ocasionalmente e depredan tamén moito sobre presas domésticas.

Comparando as capas dos poldros depredados cas dos potros do monte (dispoñibilidade) concluímos, que se ven menos prexudicados polos lobos aqueles que se camuflan mellor no entorno: Castaños e negros nos bosques; pero castaños e pedreses (tordos) en montes de matogueira baixa. Isto explica, en parte, a preponderancia de certas capas entre os garranos salvaxes. A vista dos lobos xoga un papel importante na selección de presas.

Conservación: á vista destes resultados propóñense diversas medidas para a conservación de boas poboacións de garranos e, consecuentemente, dos lobos.

The aim of this paper is to collect data on the predatory action of wolf in four regions in Pontevedra (north-western Spain). The deaths of the animals caused by wolves in the mountains were monitored. 817 wolf droppings were also analysed.

The stable groups of wolves found in three different areas were very skilled when it came to the capture of wild foals (*Equus ferus atlanticus*) younger than 9 months old. Although in the mountains we observed an attempt to hunt a 12 or 13-month-old foal, and another attempt over a 2 or 3-month-old calf that showed the success of the cow defence system.

In the most humanised area, with 261 inhabitants/km², wolves only appear occasionally and prey upon domestic animals.

After comparing the colour of the killed foals with the foals of the mountains we come to the conclusion that those animals that camouflage themselves better are less likely to be killed: Brown and black foals in the forests; but brown and grey and dappled - foals camouflage better in shrubland. This explains that the preponderance of specific colours in wild horses. The look of the animals plays a significant role in prey selection.

Conservation: in the light of these findings, we propose different measures to preserve wild horse and, consequently, wolf populations.

PALABRAS CLAVE / KEY WORDS

Lobos (*Canis lupus*), Pontevedra (N.OE. España), dieta, selección de presas, selección de garranos (*Equus ferus atlanticus*).
Wolf (*Canis lupus*), Pontevedra (north-western Spain), diet, prey selection, wild horse selection (*Equus ferus atlanticus*).

INTRODUCCIÓN

Diversos autores, xa desde os anos 70, puxeron de manifesto a importancia dos grandes depredadores, coma o lobo (*Canis lupus*), nos ecosistemas do noroeste ibérico (GUITIAN, J. *et al.* 1979; LOPEZ BAO, J. V., *et al.* 2013).

A convivencia dos lobos ca especie humana aquí é antiga e intensa. A elevada densidade de poboación humana en Galicia, e especialmente na vertente atlántica, prantéxanos unha cuestión: ¿De que viven os lobos desta rexión, onde a caza maior é escasa e os seus inimigos humanos son moitos?

Os autores citados xa mencionaban a importancia que teñen para a dieta dos lobos en Galicia os garranos, os cabalos salvaxes (*Equus ferus atlanticus*). De feito a convivencia de lobos, garranos salvaxes e homes remóntase alomenos ó Paleolítico, aparecendo os garranos salvaxes moi frecuentemente representados nas pinturas rupestres do norte ibérico desde Asturias (El Buxu, Tito Bustillo, etc.) deica o sur de Francia (Lascaux, Pech – Merle), cunha antigüidade de 35.000 a 12.000 anos. Tamén aparecen representados en moitos petróglifos do período do Bronce en Galicia (CAAMAÑO, R.E., 2013).

Actualmente a poboación humana de Galicia na beira do mar aumentou moito, especialmente nos derradeiros corenta anos. As vías de comunicación nas Rías Baixas multiplicáronse, as armas de caza son máis eficaces e todo isto complica a vida a lobos e garranos

INTRODUCTION

Several authors have demonstrated the importance of big predators such as the wolf (*Canis lupus*) in the ecosystems of the northwest of the Iberian Peninsula since the seventies (GUITIAN, J. *et al.* 1979; LOPEZ BAO, J. V., *et al.* 2013).

Wolves living together with humans is an old and intense tradition. Galicia's high population density, especially in the Atlantic coast, raises the question: what do wolves here, where there big game is scarce and the human population is big, live on?

The cited authors mentioned the importance of the wild horses (*Equus ferus atlanticus*) for the wolf's diet. In fact, wild horses, wolves and humans have been living together since the Palaeolithic, as they appeared in 35000 and 12000 year-old cave paintings in the North of the Iberian Peninsula (El Buxu, Tito Bustillo, etc.), from Asturias to the South of France (Lascaux, Pech – Merle). The coexistence of these species is also represented in many petroglyphs from the Bronze Age (CAAMAÑO, R.E., 2013).

Nowadays, the human population in the coast of Galicia has grown, especially in the last 40 years. The communication paths in the Rías Baixas were multiplied, hunting weapons became more effective and affected the lives of wolves and wild horses. During such period of time some wolf populations were examined (A Groba, O Morrazo, O Castrove, O Xiabre, O Galleiro).

salvaxes. En dito período extermináronse, ou case, algunhas poboacións de lobos en dita rexión (A Groba, O Morrazo, O Castrove, O Xiabre, O Galleiro).

Pola súa banda, os garranos salvaxes están sufrindo un duro revés a raíz da aplicación dun recente decreto da Xunta de Galicia (XUNTA DE GALICIA, 2012). Ca aplicación de dito decreto moitos propietarios teñen serias dificultades, para asumir os gastos aos que se pretende obrigarlles. Non lles queda máis remedio, que vender os seus garranos salvaxes aos matadoiros.

Así extinguíronse nos catro últimos anos as poboacións de garranos salvaxes de Touriñán, Monte Faro de Vimianzo, O Campelo, Monte Castelo de Cotobade, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, e pouco lles falta aos de Monte Xiabre e O Castrove.

MATERIAL E MÉTODO

Nun traballo recente relatabamos os resultados de censos de macromamíferos feitos polo método I.K.A. realizados nas mesmas serras que aquí entre 2009 e 2013 (BAS, S.; SANCHEZ CABEZUDO, 2016).

Indicabamos a presenza de tres grupos estables de lobos en: Serra do Acibal e Monte Cregos, na Serra do Seixo, e O Coirego- A Arcela- Monte Castelo. Aparecía tamén en ditos censos, esporadicamente, un pequeno grupo “fantasma” de lobos, que deixaban algúns rastros intermitentemente nos moi humanizados montes de O Galleiro, Amoedo e A Fracha .

En adiante mencionaremos estas serras como: (A) O Acibal; (S) O Seixo; (C) O Coirego e (G) O Galleiro – Amoedo – A Fracha.

Este último grupo de lobos (O Galleiro) só se mantivo estable aló durante dous anos e medio (2005 – 2007), despois de once anos de ausencia. A partir do inverno 2007 – 2008 a súa presenza alí foi intermitente e rara (BAS, S.; SANCHEZ CABEZUDO, 2016).

O hábitat destas serras é variado. Predominan eucaliptais e piñeirais, con zonas de matogueira alta e brañas en (A) O Acibal; Matogueiras baixas, pasteiros e brañas en (S) O Seixo; mosaico de matogueiras baixas, piorneiras, xesteiras e piñeirais en (C) O Coirego. Finalmente en (G), O Galleiro, predominan toxeias e eucaliptais. Nas ladeiras

On the other hand, wild horses are suffering setbacks after the enforcement of a decree by the Government of Galicia (XUNTA DE GALICIA, 2012). According to this decree, many owners have many difficulties to afford the expenses they are forced to make. They have no other choice but sell their wild horses to the slaughterhouse.

This is how in the last four years the wild horses of Touriñán, Monte Faro de Vimianzo, O Campelo, Monte Castelo de Cotobade, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Monte Xiabre and O Castrove disappeared.

MATERIAL AND METHOD

In a recent paper we wrote about the results of the macromammal censuses using the KAI method in the same mountain ranges between the years 2009 and 2013 (BAS, S.; SANCHEZ CABEZUDO, M., 2016).

We showed the presence of three stable wolf groups in: Serra do Acibal e Mount Cregos, in Serra do Seixo, and O Coirego- A Arcela- Mount Castelo. In the same census also appeared a small group of “ghost” wolves that would live trails in humanised mountains such as O Galleiro, Amoedo and A Fracha.

Later we will call these mountain ranges: A O Acibal; (S) O Seixo; (C) O Coirego and (G) O Galleiro – Amoedo – A Fracha.

This group of wolves (O Galleiro) remained stable for two years and a half (2005-2007) after eleven years. After winter 2007-2008 their presence in that area was scarce and rare (BAS, S.; SANCHEZ CABEZUDO, M., 2016).

The habitat in these mountain ranges varies. Inside the arboreal species the eucalyptus and pine trees predominate, and also shrubland in some areas in (A) O Acibal; meadows and grass in (S) O Seixo; a combination of shrubland, pine trees, common broom in (C) O Coirego. In (G) O Galleiro, gorse and eucalyptus predominate. On the low slopes we can find deciduous forests and small villages with meadows and corn plantations.

The prospected areas in the mountain ranges were situated at altitudes between 200 and 600m in (A) O Acibal, between 600 and 1.024m in (S) O Seixo, between

baixas e barrancos de todos eles hai bosques caducifolios, máis ou menos extensos, e aldeas con minifundios de prados e leiras de millo.

As zonas prospectadas nas ditas serras atopábanse en altitudes que variaban entre 200 e 600 m en (A) O Acibal; entre 600 e 1.024 m en (S) O Seixo; entre 300 e 774 m en (C) O Coirego e entre 250 e 714 m en (G) O Galleiro.

As densidades medias de poboación dos municipios nos que se atopan ditas serras oscilan entre 26,6 Hab./km² en (S) O Seixo e (C) O Coirego; 69,5 Hab./km² en (A) O Acibal e 261 Hab./km² en (G) O Galleiro.

Durante os anos 2008 a 2012 realizáronse numerosas visitas a ditas serras, nas catro estacións do ano, de unha a catro horas de duración buscando indicios e excrementos de lobos en lugares propicios. Aproveitáronse tamén as visitas realizadas nos censos I.K.A. para recoller mostras.

Tomáronse datos de garranos salvaxes (poldros de tempada, vellos e outros) mordidos, matados, carroñeados ou simplemente comidos (con dúbidas entre depredación e carroñeo) polos lobos, localizados nas nosas visitas ás serras. As veces eran localizados ca axuda de cans, e outras veces tamén grazas ás informacións dos besteiros.

Na nosa análise de datos non temos en consideración os animais comidos polos lobos, é dicir: con dúbidas entre matados ou carroñeados por eles.

O mesmo criterio aplicouse a 14 exemplares de vacún (*Bos primigenius taurus*) en extensivo, que apareceron mordidos ou matados polos lobos. Un único exemplar de xabarín (*Sus scrofa*) de 9 - 10 meses matado polos lobos, confirmábanos a pouca apetencia, que amosan por eles estes lobos.

Analizáronse no laboratorio un total de 817 excrementos, atopados nas catro estacións do ano e repartidos da seguinte maneira:

(A) O Acibal: 478. (S) O Seixo: 179. (C) O Coirego: 134. (G) O Galleiro: 26 excrementos.

Diferenzas na intensidade de prospección e tamén a rareza dos lobos en (G) O Galleiro, xustifican as diferenzas en número de mostras atopadas entre as

300 774m in (C) o Coirego and between 250 and 714m in (G) O Galleiro.

The average population density of the towns in the mountain ranges range from 26,6 inhabitants/km² in (S) O Seixo and (C) O Coirego; 69,5 inhabitants/km² in (A) O Acibal and 261 inhabitants/km² in (G) O Galleiro.

During 2008 and 2012 we daily visited the mountain ranges during all seasons and spent from one to four hours looking for signs and excrements. The visits resulting from KAI censuses were also used to collect samples during spring and autumn between 2009 and 2012.

Data about wild horses bitten, eaten or killed by wolves (foals and old ones) was recorded. They were sometimes located with the help of dogs and also with the information provided by horse owners.

In our data analysis we did not record the animals eaten by wolves, which means that the difference between killed or only eaten by wolves is not stated.

The same criterion was applied to 14 bovine units (*Bos primigenius taurus*) that were bitten or killed by wolves. The only wild boar killed by wolves (*Sus scrofa*), that was 9 or 10 months old, confirmed that wolves are not interested in them.

817 excrements found in the following places throughout the year were analysed in the laboratory:

(A) O Acibal: 478. (S) O Seixo: 179. (C) O Coirego: 134. (G) O Galleiro: 26 excrementos.

The differences in research intensity and the rarity of wolves in (G) O Galleiro explain the differences in the number of trails found in the mountain ranges.

We would collect a part of an excrement big enough to see the colour of the hair that was found in it in an envelope. We would use a small wire to mark the parts that were left in the mountains, in order not to duplicate data. The envelopes were labelled and left to dry.

We would wash the samples with detergent and dry them with filter paper in the laboratory and they would be ready for macro and microscopic observation. We followed the techniques by B. J. Teerink (TEERINK, B.J., 1991) and Lagos, L. (LAGOS, L., 2013).

We also collected hair and fluff from the body

distintas serras.

Recollíase en sobres de papel unha parte importante de cada excremento, de tal xeito que nos permitise recoñecer a cor do pelo que alí se atopaba. Marcábanse cun pequeno arame os restos do excremento, que quedaba no monte, para evitar duplicidade de datos. Os sobres etiquetábanse e deixábanse secar ó aire, á sombra.

No laboratorio as mostras lavábanse con deterxente e secábanse sobre papel de filtro, para a súa posterior observación macro e microscópica. Para isto últimos seguimos as técnicas expresadas por B. J. Teerink (TEERINK, B.J., 1991) e por Lagos, L. (LAGOS, L., 2013).

Fixemos tamén unha colección de preparacións para microscopía de pelos cobertores e borra, do corpo e patas en inverno e verán de garranos salvaxes adultos e poldros. Outro tanto se fixo con pelo de vacas e becerros (*Bos primigenius taurus*) en extensivo desta comarca.

Tamén se prepararon mostras de pelo e borra de animais domésticos: can (*Canis lupus familiaris*), gato (*Felis sylvestris catus*), ovella (*Ovis orientalis aries*), cabra (*Capra aegagrus hircus*) e burro (*Equus africanus asinus*). Nesta comarca non hai granxas de porcos e é excepcional atopalos fóra das casas. O seu pelo é fácil de recoñecer macroscópica e microscopicamente.

A cor do pelo das presas garranos salvaxes, que aparecían nos excrementos dos lobos, considerouse despois de lavada e secada cada mostra. Para este fin desbotáronse mostras de excrementos vellos, nos que a cor podía estar alterada pola intemperie. Tamén se desbotaron aquelas mostras que tiñan poucos pelos.

Nos excrementos poucas veces foi posible recoñecer pola súa cor os pelos dos garranos ou poldros alazáns rubios. A cor das crinas é o que lles identifica, e as crinas poucas veces aparecían nos excrementos dos lobos. Tampouco era posible identificar nos excrementos aos animais da capa pinta. Por tales razóns xuntamos a todos estes cos outros garranos claros no noso análises de datos de dispoñibilidade.

Os datos obtidos do análises de excrementos exprésanse como frecuencia de aparición.

and legs of young and grown up wild horses during winter and summer to be seen under the microscope.

The same was done with hair from cows and calves (*Bos primigenius taurus*).

We also prepared samples of hair and fluff of domestic animals: dog (*Canis lupus familiaris*), cat (*Felis sylvestris catus*), sheep (*Ovis orientalis aries*), goat (*Capra aegagrus hircus*) and donkey (*Equus africanus asinus*). In this region there are no pig farms, and it is rare to find them outside of the houses. Moreover, their hair is easy to identify macro and microscopically.

The colour of the hair of wild horses that would appear in wolves' excrements was determined after washing and drying each sample. The samples found in old excrements that could have changed colour due to the conditions were cast aside. The same was done with those samples with few hairs.

On rarely could determine the colour of the hair of blonde horses in the excrements. The colour of the mane is what determines it, and normally, this hairs are not found in wolves' excrements. It was not possible to identify hairs of two-colour horses. For that reason we decided to mix them with blond horses for the data analysis.

The data obtained after the analysis is shown as frequency of occurrence.

Prey availability, estimation method:

In order to know the prey availability of wild horses in the mountain ranges, we carried out a census of foals and wild horses captured in 2009 in (A) O Acibal: Curro de Amil and in (C) O Coirego: Curro de Cuspedriños in July and August, respectively.

A second census of foals was carried out in 2010.

The total population data, not counting foals, was completed with the information provided by the owners of wild horses.

In (S) O Seixo and (G) O Galleiro "curros" (enclosed which retain the horses) are not performed, and due to this, the population estimation technique of foals and wild horses were censuses made group by group in July of 2009 and a foal census in July of 2010.

During these processes the colour of the hair

Disponibilidade de presas, método de estimación:

Para coñecer a dispoñibilidade de presas garranos nas serras, censáronse os poldros de tempada e outros garranos salvaxes, capturados nos curros de 2009 en (A) O Acibal: Curro de Amil e en (C) O Coirego: Curro de Cuspedriños, realizados en xullo e agosto respectivamente.

Realizouse un segundo censo de poldros de tempada nos curros de 2010.

Os datos do total poboacional, sen contar poldros de tempada, completábanse ca información proporcionada polas asociacións de besteiros, propietarios dos garranos salvaxes.

En (S) O Seixo e (G) O Galleiro non se celebran curros, polo que a estimación poboacional de poldros de tempada e outros garranos salvaxes baseouse en censos de campo, rabaño por rabaño, realizados en xullo do 2009 complementados por un segundo censo de poldros en xullo do 2010.

En todos estes censos sempre se anotaba a cor da capa de cada animal. Tamén a cor das crinas dos alazáns rubios (crinas brancas ou case) e alazáns roxos (crinas da Cor da capa).

As vacas en extensivo censábanse aproveitando as concentracións destas para saneamento, complementando dita información cos datos dos propios gandeiros. Non se tiveron en conta as súas capas.

RESULTADOS

a) Vacas en extensivo e garranos salvaxes:

Os censos, nos que non se contaban becerros nin poldros de tempada, deron os seguintes resultados:

(A) O Acibal: 340 garranos e 130 vacas. (S) O Seixo: 400 garranos e 250 vacas. (C) O Coirego: 260 garranos e 50 vacas. (G) O Galleiro: 70 garranos e 30 vacas.

En conxunto a relación numérica garranos/vacún era aproximadamente de 7 a 3 (69,9% garranos e 30,1 % vacún). Non hai outro gando que vacas nestas serras. Ovellas e cabras non se pastorean lonxe das casas. Unicamente nos montes de A Fracha (G) aparecía un reducido número de ovellas mostrencas (10 – 15), debido a unha recente costume de abandonar no monte ás vellas.

of the horses and manes (red and blonde) was always recorded.

Cows were registered during the sanitation processes, and the information was complemented by the data given by the farmers themselves. Their colour was not distinguished.



Foto 1. Os poldros brancos son excepcionais. Neste período só vimos dous e un deles, este, era albino.

Photo 1. white foals are exceptional. During this time we only saw two, one of which was albino.

RESULTS

a) Cows and wild horses:


The censuses did not include calves or foals, and gave the following results:

(A) O Acibal: 340 wild horses and 130 cows. (S) O Seixo: 400 wild horses and 250 cows. (C) O Coirego: 260 wild horses and 50 cows. (G) O Galleiro: 70 wild horses and 30 cows.

On balance, the numeric ration wild horses/cows was between 7 and 3 (69,9% wild horses and 30,1% cows). There is no other livestock than cows in these mountain ranges. Sheep and goats are not found far from houses. We can only find a small group (10-1) of wild sheep in A Fracha (G), due to the recent habit of abandoning them in the mountains.

b) Garranos e vacún matados e carroñeados polos lobos:

A gráfica 1 recolle os datos de garranos salvaxes, atopados no monte matados ou carroñeados polos lobos.




Separámoslos por categorías de idades.

Atopamos 27 poldros de ata 8 meses matados polos lobos, con preferencia polos de menos de 4 meses.

Atopáronse mordidos polos lobos 26 poldros de menos de 5 meses. Case sempre mordidos nas patas traseiras, ás veces nas paletañas, zona inguinal, ou pescozo. Tamén morderon a unha égoa de oito anos, na mesma noite que lle mataron o poldro (foto 2).

Entre os garranos salvaxes carroñeados polos lobos eran máis frecuentes os non poldros: adultos, vellos, poldros grandes e quincenos (de 12 a 20 meses).



Na gráfica 2 recóllense os datos de depredación confirmada sobre garranos salvaxes por meses do ano (matados máis mordidos). Houbo dous casos nos que por poucos días non puidemos concretar o mes no que

b) Wild horses and cows killed and scavenged by wolves:

Graph 1 collects the data of wild horses found dead or scavenged by wolves. Categories are featured below.

27 foals up to 8 months old were found killed by wolves, and most of them were foals younger than 4 months.

26 foals younger than 5 months were found bitten. They are commonly bitten in the hind legs, in the groin area or neck. An 8-year-old mare was bitten on the same night a foal was killed (photo 2).

Among wild horses scavenged by wolves, adult, horses from 12 to 20 months of age and old horses are more common.



Foto 2: égoa adulta mordida polos lobos, capturada para desinfectar. O Seixo, xullo de 2011.

Photo 2: adult mare bitten by wolves, ready for disinfection. O Seixo, July 2011.

Graph 2 shows the predation data collected in each month (killed and bitten). Those cases in which the exact date could not be determined were not taken into consideration.

When the first foals are born (end of February), the depredatory actions start, and they reach the highest point in June and July.

The relative maximum of March may be caused by an easier visual localization of the animals or by the gestation of wolves.

It seems to be a rise on predation during autumn (November), when young wolves are 6-7 months old.

During this age they need lots of food and can

sucedeu o ataque, e por iso non os temos en conta.

Co nacemento dos primeiros poldros (final de febreiro – marzo) empeza a acción depredadora sobre eles, acadando o máximo no verán , por xuño – xullo.

O máximo relativo en marzo pódese deber a unha máis fácil localización visual pola nosa parte, debido a que os fentos inda non creceron; pero tamén pode deberse á xestación das lobas.

Parece haber un repunte da depredación no outono (novembro) cando os lobatos xa teñen 6-7 meses. Entonces necesitan moita comida e ademais poden participar activamente na caza de poldros.

Na táboa 1 expóñense, por estacións, os datos de garranos salvaxes carroñeados :

En (S) O Seixo a actividade de carroñeo parece centrarse máis na primavera e verán. Nas outras zonas no outono e inverno. Isto débese a que en (S) O Seixo a prospección centrouse nas zonas altas da serra, a máis de 750 m de altitude.

	Primavera spring	Verán summer	Outono fall	Inverno winter
(S) O Seixo	5	5	3	1
Total, 4 serras:	6	5	10	12

Táboa 1. Garranos salvaxes carroñeados polos lobos, agrupados por estacións.
Table 1. wild horses scavenged by wolves grouped by season.

Nas terras altas de dita serra a climatoloxía é moi dura e son abandonadas por moitos garranos no outono e inverno, abrigándose estes nas ladeiras baixas e barrancos. A primavera chega a dita serra alta cun retraso de dous meses.

O noso rexistro de vacún en extensivo matado e carroñeados polos lobos, resultou ser moi inferior ó dos garranos salvaxes: 14 animais fronte a 108. Gráfica 3.

Os lobos depredaban proporcionalmente máis poldros que becerros, aos que evitan moito. Isto pode deberse ao férreo sistema defensivo cooperativo, que amosan as vacas e que puidemos observar nunha ocasión fronte aos lobos (BAS, S., SANCHEZ CABEZUDO, M., 2016) e moitas fronte aos cans.


participate in horse hunting activities.

Table 1 shows the data of scavenged wild horses:

In (S) O Seixo, wolves scavenge animals mainly during spring and summer. In other areas, during autumn and winter. This results from the fact that in (S) O Seixo, research was done in the highest areas (more than 750 m).

Those areas, characterised by harsh climate, are left by many wild horses during autumn and winter, in search for low slopes. Spring arrives late to the highest parts of the mountain ranges.


The data of cows killed and scavenged by wolves was lower than the one of wild horses: 14 animals compared to 108. Graph 3.



Wolves preyed on foals more than on calves. This may be caused by the strict defence system that cows have, and that we could witness once against wolves (BAS, S., SANCHEZ CABEZUDO, M., 2016) and many against dogs.

c) Excrement analysis:

Graph 4 shows the results of the analysis of 817 excrements collected in 4 different areas.



c) Análises de excrementos:

Na gráfica 4 expóñense os resultados da análise de 817 excrementos recollidos, separando as catro zonas citadas.

Hai moitas coincidencias nas dietas dos lobos nas zonas (A) O Acibal, (S) O Seixo e (C) O Coirego. Aplicamos á suma dos datos destas tres zonas o índice D de Ivlev para presas garranos salvaxes e vacún. Tanto para datos de depredación (matados máis mordidos) (Da), coma para datos do análises de excrementos (Db). Expoñemos estes datos na táboa 2.

		%	%		
	Disponibilidade Availability	Depredados Preys	En excrementos In excrement	Da	Db
Garranos/wild horses	69,9	81,8	90,15	0,05	0,13
Vacún/cows	30,1	18,2	9,82	0,25	-0,5

Táboa 2: Valores D de Ivlev comparando presas garranos salvaxes e vacún. Da: matados máis mordidos. Db: en excrementos.

Table 2: Ivlev index values to compare wild horses and cows. Da: killed and bitten. Db: in excrement.

Os garranos salvaxes constitúen a base da dieta dos lobos desta comarca, complementada con vacún en extensivo. Pero resulta evidente, que realizan selección trófica netamente negativa sobre o vacún e lixeiramente positiva sobre garranos salvaxes.

Corzos (*Capreolus capreolus*):

Resulta curioso constatar, cós raros corzos aparecen máis frecuentemente na dieta destes lobos (4 excrementos), cós comúns xabaris (3 excrementos). Os corzos apenas aparecían no 15% dos puntos de mostreo dos censos I.K.A. feitos nestas serras, mentres que os xabaris nun 60 – 85% deles (BAS,S., SANCHEZ CABEZUDO,M., 2016).

Tal vez estes lobos están empezando aprender a cazar corzos e evitan, en cambio, aos agresivos xabaris.

Coenllos (*Oryctolagus cuniculus*):

Alí onde abundaban como en (C) O Coirego (BAS, S., SANCHEZ CABEZUDO, M., 2016), estes constitúen unha pequena parte da dieta dos lobos. Apareceron en seis excrementos. Nestes montes os lobos xoves foron vistos en ocasións cazando coenllos e lurias (*Arvicola sapidus*).

There are many coincidences about the diet of the wolf in (A) O Acibal, (S) O Seixo and (C) O Coirego. We apply Ivlev's index to the addition of the data collected for wild horses and cows. We show predation (killed and bitten) data (Da), and excrement data (Db) in table 2.

Even though wild horses (complemented with cows) form the basis of the diet of the wolf in this region, it is clear that there is a negative trophic selection when it comes to cows, and a slightly positive selection when it comes to wild horses.

Roe deer (*Capreolus capreolus*):

